



**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A SECRETARÍA XERAL DA EMIGRACIÓN DA XUNTA DE GALICIA E A HERMANDAD GALLEGA DE VENEZUELA EN CARACAS COA FINALIDADE DE ADQUIRIR E INSTALAR UN ALIMENTADOR DE EMERXENCIA.**

**MEMORIA XUSTIFICATIVA**

O secretario xeral da Emigración da Secretaría Xeral da Emigración, **DECLARA:**

Que esta Secretaría Xeral da Emigración ten previsto formalizar coa Hermandad Gallega de Venezuela o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o día seguinte ao da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2019.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Establecer o marco de colaboración entre as entidades asinantes para a adquisición e instalación dun alimentador de enerxía eléctrica de emerxencia que permita, durante os cortes de fluído eléctrico, manter o funcionamento dos servizos socioasistenciais e sanitarios que presta a Hermandade Gallega de Venezuela ós seus socios e á comunidade galega residente en Caracas.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamentan no seguinte:

A Hermandad Gallega de Venezuela é unha entidade sen ánimo de lucro fundada en decembro do ano 1960, que agrupa actualmente a preto de vinte e cinco mil socios galegos, sendo a principal entidade galega en Caracas. Na actualidade está a





desenvolver unha importante política social e sanitaria orientada a facer efectiva a cobertura médica básica de persoas con escasos recursos e que se atopan en situación de necesidade pertencentes á colectividade galega.

A Hermandad dispón de servizos básicos de asistencia social, centro de día, ambulatorio médico e atención sanitaria básica e especializada orientada a facer efectiva a mellora da calidade de vida da colectividade galega.

As graves dificultades que está a pasar o país, provoca que a demanda de atención socioasistencial e sanitaria da entidade se vexa moi sobrecargada, o que obriga de forma urxente a elaborar un plan de reposición e de investimentos en equipos que redundan nunha maior calidade de vida dos seus asociados e, polo tanto, dunha parte moi importante da colectividade galega residente en Venezuela.

Actualmente Venezuela sofre una crisis eléctrica moi importante, con cortes diarios e constantes de enerxía de cuxos efectos non se libra a Hermandade Gallega de Venezuela, que impiden o seu normal funcionamento e afectan ós servizos que presta ós seus asociados.

Esta falta de enerxía obriga a entidade a tomar decisións urxentes e inaprazables para paliar os seus efectos, polo que lle resulta necesario instalar un alimentador de emerxencia, que xere enerxía suficiente durante os apagóns eléctricos que lle permita continuar coas actividades imprescindibles que presta ós seus asociados desde as sanitarias, as socioasistenciais, como é o funcionamento do Centro de Día “Santiago Apóstol”, como as restantes de carácter social. A entidade non pode asumir cos seus ingresos propios a totalidade do custo desta instalación.

A Secretaría Xeral da Emigración estima que é necesario establecer unha colaboración co obxecto de contribuír aos custos da instalación dun alimentador de emerxencia na sede da Hermandad.

Que o presente Convenio é coherente co Plan estratéxico de Galicia 2015-2020, correspondéndose co o seu Eixe E2: “Benestar das persoas e as familias e cohesión





social” así como co seu obxectivo estratéxico OE02: “Impulsar os sevizos sociais e prestacións á emigración galega e ás súas entidades, así como aos retornados, para garantir o seu benestar. Promover a inclusión social e loitar contra a pobreza das persoas inmigrantes e calquera forma de discriminación”.

Para o desenvolvemento das actividades obxecto do presente convenio, a Secretaría Xeral da Emigración achegará, con cargo aos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2019, unha contía de trinta mil euros (30.000 €) con cargo á aplicación orzamentaria 04.30.312C.781.0.

A Secretaría Xeral da Emigración, considera que esta entidade é a institución idónea para o outorgamento desta axuda de carácter singular e excepcional, que non se enmarca dentro dunha actuación xeneralizada de axudas para este tipo de actividades, baseándose no disposto no artigo 19.4.c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, non sendo posible promover a concorrência pública.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria, en Santiago de Compostela a 10 de outubro de 2019.





**XUNTA DE GALICIA**  
PRESIDENCIA  
Secretaría Xeral da Emigración

Praza de Mazarelos 15  
15703 Santiago de Compostela  
Teléfono 981 545 878. Fax 981 547 296  
<http://emigracion.xunta.es>

